

## Concentración diante da Mutua Fraternidad



O vindeiro **mércoles día 27 de xuño, ás 11 horas**, terá lugar unha **concentración diante da mutua Fraternidad-Muprespa (Avda. do Exército, 12)**, convocada polo comité de empresa de **Atento**, do que forma parte a **CGT**, en protesta pola miserable actitude da mutua nos últimos tempos, que **deixou de prestar servizos sanitarios ás traballadoras e traballadores en situación de baixa médica, para converterse nun instrumento de presión para acelerar as altas médicas sen importarlle a súa saúde**. Esta concentración forma parte das **mobilizacións** que están a levar a cabo as traballadoras e traballadores de Atento Coruña **todos os luns con paros laborais (de 0 a 1, de 12 a 13 e de 18 a 19 horas) e concentracións diante do centro de traballo en Juan Flórez, ás 12 e ás 18 horas**, para esixir o cesamento dos abusos da empresa a través de despedimentos, sancións, presións, acoso e outras agresións durante o desempeño do noso traballo.

Sección Sindical da **CGT** en Atento A Coruña